

UNIDADE DIDÁCTICA "ÁS PARA ÁLEX"

Baobab Teatro

Imos facer unas suxestións pedagóxicas para que o/a profesional docente as integre na aula nalgún dos obxectivos didácticos que teñan previstos no seu curso, se o considera do seu interese.

Partindo disto poderá ampliar ou recortar como lle conveña.

Propoñemos actividades para realizar antes de ver o espectáculo e actividades para realizar despois de ver o espectáculo.

ANTES DE ASISTIR Ó ESPECTÁCULO:

Sería interesante que o alumnado fose preparado sabendo a onde vai e que vai ver. Neste caso asistirán ao espectáculo "As para Álex", da compañía teatral BAOBAB TEATRO. Así que presentamos:

Actividades a nivel oral:

- Que é o teatro?
- Cantas veces asistiron ao teatro e con quen?
- Que obras teatrais viron, lembran o título?
Quen era a/o autora/or dalgún dos espectáculos que foron ver?E saben o nome do director/a ou escenógrafo/a?
Que foi o que máis lles gustou do teatro?
- Se montasen unha compañía de teatro, que papel lles gustaría desempeñar, director/a, autor/a, escenógrafo/a, actor ou actriz?...
- Explicarlles que van ir ver un espectáculo titulado "Ás para Álex" da compañía Baobab Teatro. Falarlles da ficha artística. Propoñemos ao profesorado que lle fale aos alumnos/as de Baobab Teatro, cal é a súa liña de traballo antes de ir ao teatro e para iso pódese buscar información na nosa web:
www.baobabteatro.com.

Dirección: Andrea Bayer e Óscar Ferreira

Actores/Actrices: Xosé Esperante e Cora Velasco

Deseño de Iluminación: Daniel Abalo

Música: Cora Velasco

Deseño de escenografía: Óscar Ferreira

Construción de escenografía: Óscar Ferreira

Construción de Monicreques: Óscar Ferreira

Vestuario: Andrea Bayer e Óscar Ferreira

Material audiovisual e fotografías: Ana Tasende.

- Ler a Sinopse do espectáculo:

Álex é un neno que coma calquera neno de 8 anos encántalle correr, xogar, quedar cos amigos/as, ir ao parque..., a súa paixón: o fútbol, pero un día Álex ten que deixalo todo, porque o seu corpo non responde, non camiña...e coma calquera neno, Álex enfádase, enfádase coa súa nai, coa súa irmá, co seu can, ata co fútbol, Álex enfádase co mundo e asáltanlle moitas preguntas, - porque a min?, porque non podo xogar? Porque, porque, porque?....., está tan enfadado que deixa de mirar ao seu arredor ata que un día aparece Laura no seu camiño, e sen pedir permiso, con moito coidado e cariño entra de cheo na súa vida para axudarlle a mudar a mirada.

Actividades a nivel escrita:

- Escribir unha pequena peza teatral. Esta peza deberá levar os ingredientes fundamentais: Presentación, no e desenvolvemento.

Actividades a nivel estético e plástico:

- Debuxar a Álex. Como se imaxinan que pode ser Álex?
- Debuxar a Xana. Como se imaxinan que pode ser Xana?
- Debuxar a Laura. Como se imaxinan que pode ser Laura?
- Debuxar un médico. Como se imaxinan que poden ser os médicos?

Actividades a nivel expresión corporal:

- Imitamos a forma de camiñar dos nosos/as compañeiros/as
- Imitamos ao mestre/a na forma de camiñar e de falar
- Representación de escenas cotiás (erguerse da cama, ir mercar o pan, ir ao médico, están xogando no parque...)
- Coller un pequeno conto e representalo poñendo moita atención no ton da voz, nos diferentes sons que utilizamos para facer os diferentes personaxes.

ACTIVIDADES DESPOIS DE ASISTIR Ó ESPECTÁCULO:

Actividades a nivel oral:

- Comentar entre todas/os o espectáculo.
- Que foi o que máis lles gustou da historia? Cal foi o personaxe que máis lles gustou?.
- Recordar os nomes dos personaxes.
- Recordar os nomes dos personaxes cos que se atopa Álex.
- Crear un debate sobre o espectáculo, recordar a obra e comentar o que máis lles gustou ou o que non lles gustou.

- Falar das diferenzas que tiñan entre si os personaxes.
- Un dos personaxes, Xana, entra cantando unha canción. Que cada un dos/as nenos/as diga unha canción que lle cantan os seus pais/nais, avós/as, etc.
- Propoñemos diferentes foros a tratar sobre os temas que aparecen no espectáculo:
 - A familia.
 - As enfermidades
 - O corpo humano.
 - O medo.
 - Cousas que lles dan medo.
 - Persoas que lles axudan e protexen.
 - Diferenzas entre as persoas, aceptación e respecto por elas. (Idades, cor de pel, gustos, formas de falar, diferenzas físicas, habilidades diferentes, talentos diferentes, etc.)

Actividades a nivel escrita:

- Construír unha caixa de cartón e decorala, chamarémoslle "a caixa dos medos". Escribimos nun papel as cousas que nos dan medo e metémolas na caixa dos medos.
- Escribirlle unha carta ao noso avó/avoa, unha carta onde lle digan o moito que o/a queren e o importante que é na súa vida (no caso de que algún neno/a non teña avós que llo escriba a súa nai/pai, tío/tía...)
- A autora do espectáculo preséntanos un final, se escribises ti o final como rematarías o espectáculo?, escribeo.

Actividades a nivel estético e plástico:

- Facerlle un retrato ao noso avó/avoa, nai/pai, irmán.
- Construír a caixa dos segredos.
- Construír a caixa dos medos.
- Construción de monicreques, teatriño, escenografía, así como elementos para desenvolver unha historia.

Actividades a nivel expresión corporal:

- O personaxe principal "Álex" pasa por moitos estados de ánimo o longo da obra dende a ledicia ata a tristeza. Partindo disto, propoñemos que os/as nenos/as interpreten diferentes emocións a través da mímica.(dor, alegría, enfado, tristeza, dúbida, medo).
- Entre os personaxes cos que se atopa Álex, son a súa nai, a súa irmá, Laura, o doutor. Xogaremos a que todos/as somos avós, mamás, papás, irmáns, médicos, mestres. Posteriormente pasaremos a un grao máis fantasioso e nos converteremos todos en bolboretas, voaremos como paxaros ou como avións e correremos coma cabalos, coma lebres ou coma parrulos, etc.
- Dividir a aula en grupos de 4 ou 5 alumnos/as. Cada grupo que elixa un conto pequeno que deberá levar á escena.
- Xogo de personaxes. Cada neno/a ten que interpretar só con mímica un dos personaxes do espectáculo e os demais teñen que adiviñalo, poden ser tamén de contos e fantásticos.
- Propoñemos que os nenos e nenas compartan cos seus compañeiros/as de clase as cousas ou ideas que máis lles asustan mediante dramatización, xogos de rol e/ou actividades simbólicas, personificación en obxectos, etc., e desenvolvan estratexias para superalos.

OBXECTIVOS

- Desenvolver a expresión, a desinhibición e a improvisación.
- Exercitar a memoria lembrando secuencias do espectáculo.
- Favorecer as relación interpersoais traballando en equipo.
- Adquirir unha maior precisión nos xestos, facendo acción mímicas (dor, ledicia, enfado, tristeza, dúbida...).
- Fomentar o desexo pola lectura a imaxinación e a creatividade a través da observación do uso das distintas propostas plásticas que se utilizan ao longo do espectáculo.
- Desenvolver o gusto polas artes escénicas e gozar do xogo dramático.
- Fomentar a convivencia e respectar as diferenzas.
- Promover a comunicación.
- Facilitar as/os s nenas/os o seu desenvolvemento da expresión verbal.
- Tratar, de unha maneira apropiada a su idade, temas transversais tales como recoñecer e confrontar o medo, a xenerosidade, o compañeirismo, a amizade, a familia...
- Fomentar o interese e o gusto polo teatro nos/as nenos/as dende bebés e, por tanto, preparamos para ser un futuro público con coñecemento e criterio
- Estimular a imaxinación e a capacidade para inventar dos nenos/as para atopar metáforas ou comparacións.
- Potenciar a comunicación e o espírito crítico acerca de temas comprometidos como **o cancro infantil**
- Aprender recursos e elementos diferentes á nosa cultura para enriquecela

COORDINACIÓN CO EQUIPO DOCENTE E PERSOAL DO AUDITORIO. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO.

Coordinación co equipo docente:

Baobab Teatro conta cos medios e o persoal cualificado a hora de establecer unha relación co centro docente, xa que entre os seus compoñentes conta cunha mestra de primaria e de educación especial.

Todo o persoal de Baobab Teatro ten coñecementos en relación á educación para poder desenvolver un traballo de calidade e equidade, tal e como recolle a normativa legal actual, tendo sempre presentes os principios de non discriminación de colaboración, de igualdade e de convivencia.

A nosa unidade diáctica así como o espectáculo están revisados por profesionais competentes na materia.

A coordinación comezará dende a oficina, continuará no centro, e rematará cunha relación aberta e estando a disposición dos centros en todo momento para asesoralos no que precisen.

Coordinación co persoal do Auditorio:

Baobab Teatro comprométese a establecer unha boa relación co persoal do Auditorio así como cos técnicos do teatro e facilitar o desenvolvemento da actividade.

Avaliación do proceso:

Baobab Teatro fará unha avaliación final do proceso unha vez estén rematadas todas as actividades.



Trailer do espectáculo: <https://vimeo.com/595167019>

Mailchimp de Ás para Álex: <https://mailchi.mp/58610f0da497/s-para-lex-gal-sc-5113689>

Web baobab: <https://baobabteatro.com/gl/%C3%A1s-para-%C3%A1lex>

